



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

3 1 1

Santaia de Moar, Frades. Outubro 1980.

$\text{♩} = 69$ (Jota)

1) Al al-cal-de des-te pue-blo le pe-di-mos de ja-vo-re
pa que nos de-je can-ta-re es-ta bo-ni-ta can-cio-nhe

Ordes VIII,1,248. Ricardo 52.

L: 53.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Al alcalde deste pueblo
le pedimos de favor-e
pa que nos deje cantar-e
esta bonita canción-he.

O pirmeir'é o director-e
como lle debe tocar-e,
que pa falar mal dos outros
por el debe de empezar-e.

Vaille branquiand'o pelo
e non lle veu o sentido
ahora pás contas del-e
é que x'ò dá por perdido.

E pa levalos seghidos
temos estoutro tamén-he
que polo que imos vendo
pórtas'o home medio ben-he.

Mándano pa traballar-e
e i-el nunca lles protesta
pero tampouco fai nada
estamos na mesma festa.

En cambio temos a 'stoutro
tan formal como se fai-e
pa saber ben quen el éie
hai que perguntarllo pai-e.

O traballo para i-el-e
di qu'é unha deversión-he
ver com'os outros traballan
pero el traballar non-he.

En cambio temos a 'stoutro
qu'é un home moi comedido
pero seghún din na casa
non tén pisca de sentido.

E pa levalos seguidos
a ieste tócall'ahora
carrétalle leñ'á nai-e
pa que lle poña a tixola.